

A UVigo acolle unha nova edición do ciclo Escritoras/es na Universidade

Publicado por [Redacción](#)

[tamaño de fonte](#)

[Engadir comentario](#)



A literatura regresa á universidade cunha nova edición -xa á oitava- do ciclo de mesas redondas Escritoras/es na Universidade, que terá lugar do 26 de setembro ao 17 de outubro na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo. Este ciclo está organizado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e conta co patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a colaboración da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.

Esta edición terá como título Unha outra literatura para un outro tempo e estará dividida en tres bloques: narrativa, poesía e teatro. Na primeira sesión, o xoves 26 de setembro, os escritores Alberto Lema e Samuel Solleiro disertarán sobre Ser ou non ser posmoderno? As oportunidades perdidas e os ciclos pechados, un debate sobre a relación coa posmodernidade.

Na seguinte sesión, o 3 de outubro, Berta Dávila e Gonzalo Herme falarán da incidencia da situación económica e política no modo en como se concibe o discurso poético baixo o título Furia estratéxica para un tempo salvaxe? Precariedade e poesía. Para rematar este VIII Ciclo de mesas redondas o día 17 de outubro terá lugar a xornada centrada no teatro, titulada Teatro impuro para tempos bastardo, onde Antía Otero e Vanesa Sotelo conversarán sobre o hibridismo de linguaxes nas novas tendencias escénicas.

Todas estas mesas redondas serán ás 12.00 h con entrada libre ata completar aforo.